

Os socialistas demandan o arranxo da rúa Concepción Arenal como prioridade para os veciños tralo inicio das obras na Praza da Veiga

O PP de Cervo leva anunciando melloras na Concepción Arenal dende o ano 2009, “pedimos que rematada a praza, acondicionen dunha vez por todas e de maneira definitiva a Rúa Concepción Arenal, punto neurálxico de San Ciprián”

Dende o GMS proponen que “aproveiten esta actuación para dar solución á cantidade de contenedores existentes nesta praza, un total de dez. Entendemos como una boa opción, os contenedores soterrados”

CERVO, 3 DE OUTUBRO DE 2014.- Os socialistas de Cervo non comparten a actitude do equipo de goberno á hora de priorizar actuacións que impliquen unha mellora para todo o concello, “veñen de iniciar a obra denominada *reforma e acondicionamento da praza en Rúa Asturias esquina Rúa Rosalía de Castro en San Cibrao* por un importe de 49.955 euros e mentres, a Rúa Concepción Arenal, un dos puntos neurálxicos de San Ciprián, prioridade e demanda de tódolos veciños, segue no mesmo estado”.

Os membros do PSOE de Cervo adiántanse ás críticas poñendo por diante que “todo o que se faga polo concello, calquera actuación que supoña unha mellora será apoiada polo noso grupo municipal pero o que non entendemos é que non se comece por onde se ten comezar, por onde os veciños demandan que se comece”.

Hai máis dun ano, polo mes de marzo do pasado 2013, fixemos públicas as queixas que nos trasladaban diariamente os veciños, “ó longo da Concepción Arenal podíamos encontrar varias fochancas e nas aceras, áreas de aparcamento e no firme existían varias zonas onde a auga apozaba con moita facilidade. O único que fixeron foi facer acto de presenza polo lugar e ordenar un lavado de cara, co cal, a día de hoxe seguimos tendo o mesmo problema”.

Os socialistas lembran que “os membros do PP de Cervo levan co mesmo discurso dende o ano 2009, no que anunciaron a mellora da Rúa Concepción Arenal, imos rematar o 2014 e seguimos igual”.

Cren que non deberan comezar outra actuación sen solucionar o máis demandado polos veciños e esixen que “xa que decidiron comezar a casa polo tellado, lle dean continuidade a esta iniciativa e unha vez rematada a praza, acondicionen dunha vez por todas e de maneira definitiva a Rúa Concepción Arenal”.

Solución ós contenedores

Por último, e xa que o goberno de Cervo decidiu actuar na praza da rúa Asturias, piden que “se aproveite esta obra para dar solución á cantidade de contenedores existentes nesta praza, entre orgánicos, de plásticos, de cristais e de papel, contamos un total de dez. É o mellor momento para acomodar mellor este espazo e propoñemos a posibilidade de contenedores soterrados”.